

VIVENDA

A. AXUDAS

2. VIVENDA DE PROMOCIÓN PÚBLICA (VPP)

¿Qué son?

Son as vivendas promovidas polo Instituto Galego da Vivenda e Solo ao abeiro do establecido no Decreto 98/1992 que regula o seu financiamento e adxudicación. Esta norma foi modificada parcialmente polo Decreto 67/1994 no referente á composición das Comisións Provinciais de Vivenda.

¿Quén pode solicitar unha vivenda de promoción pública?

Poden solicitar unha vivenda de promoción pública os titulares de unidades familiares ou persoas non integradas en ningunha unidade familiar, con ingresos anuais entre 0,7 e 2,5 veces o IPREM (Indicador público de rendas de efectos múltiples), que residan habitualmente ou teñan o seu traballo no concello onde se sitúen as vivendas durante dous anos como mínimo, carezan de vivenda en calidade de propietario, inquilino ou usufructuario ou residan en vivendas deficientes ou insuficientes.

¿Cales son os ingresos máximos e mínimos?

Os adxudicatarios de vivendas de promoción pública deben acreditar uns ingresos familiares ponderados de entre 0,7 e 2,5 veces o IPREM. Os ingresos determínanse en función do imposto sobre a renda das persoas físicas e pondéranse en función do número de membros da unidade familiar.

¿Cando se presenta a solicitude?

A Xunta Cualificadora de Vivenda correspondente establece as datas de inicio e fin do prazo para presentación de solicitudes en cada concello onde se están a construír vivendas de promoción pública. O anuncio correspondente expónse no taboleiro do Concello e publícase no diario de máis difusión na provincia.

¿Onde se presenta a solicitude?

As solicitudes e a documentación necesaria preséntanse no Concello, nos prazos que establece a Xunta Cualificadora de Vivenda. Os emigrantes poderán presentar as súas solicitudes no Concello ou a través das representacións diplomáticas ou consulares españolas correspondentes. Os impresos para a solicitude poden atoparse no Concello onde se abre a lista.

¿Qué documentación hai que presentar coa solicitude?

Ademais do impreso de solicitude é preciso presentar documentación que acredite os datos persoais e familiares, datos económicos e circunstancias da vivenda actual. A documentación completa inclúese no artigo 37 do Decreto que regula o réxime xurídico das vivendas de promoción pública.